

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 21 DE XULLO DE 2026

PRESIDENTA:

D^a Diana Piñeiro Fernández

ASISTENTES:

D. Rubén Vázquez Pérez
D^a Patricia Esther Espiñeira Galán
D. Omar Gonzalo Lamela Vázquez
D. Raúl Varela Fraguio
D. Manuel Castro Uzal

SECRETARIA ACCIDENTAL:

D^a. M^a del Juncal Capín Fonseca

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as dez horas e tres minutos do día vinte e un de xullo do ano dous mil vinte e seis, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia da Sra. alcaldesa, D^a. Diana Piñeiro Fernández, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D. Rubén Vázquez Pérez, D. Omar Gonzalo Lamela Vázquez, D^a Patricia Esther Espiñeira Galán, D. Raúl Varela Fraguio e D. Manuel Castro Uzal.

Asiste á sesión a interventora municipal D^a Lucía Mata Rodríguez e actúa como secretaria a secretaria accidental do Concello, D.^a M^a del Juncal Capín Fonseca, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.c) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 14 DE XULLO DE 2026

De conformidade co preceptuado nos artigos 108.2 e 133.4 do ROM, a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data 14 de xullo de 2026, da que se entregou copia coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 14 de xullo de 2026.

2.- BOLETÍNS E CORRESPONDENCIA

Non se dá conta de ningún/ningunha.

3.- INFORME DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E CONCELLERÍAS DELEGADAS DE ÁREA DENDE A ANTERIOR XUNTA DE GOBERNO LOCAL

A Presidencia dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións ditadas pola Alcaldía e concellerías delegadas de área dende o día 10 ao 16 de xullo 2026, que comezan coa resolución do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico núm. 530/2026 e rematan coa resolución da Alcaldía núm. 543/2026, segundo se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
530/2026	10-07-2026	Corrixir a Resolución do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico número 513/2026, do 1 de xullo, e incluír na lista definitiva de persoas admitidas no proceso selectivo para a elaboración dunha relación de candidatos para nomeamentos de traballadores/as sociais de carácter interino, encadrados na escala de Administración Especial, subescala técnica, clase técnico/a medio/a, pertencentes ao subgrupo "A2" á seguinte aspirante ATG
531/2026	10-07-2026	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 14 de xullo de 2026
532/2026	13-07-2026	Solicitar á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia unha subvención polo importe total de 33.805,28 €, para a contratación de dous (2) operarios peóns, para a realización de traballos da brigada de obras do concello, isto ao abeiro do disposto na Orde do 22 de maio de 2026, publicada no DOG núm.108 do 11 de xuño de 2026, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas á contratación de persoas mozas inscritas no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da colaboración coas entidades locais e cos organismos intermedios sen ánimo de lucro, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se convocan para o ano 2026
533/2026	13-07-2026	Conceder a licenza municipal solicitada para executar unha canalización de 225 metros lineais para o tendido dunha liña subterránea de media tensión destinada a proporcionar subministración de enerxía eléctrica ao centro de seccionamento a instalar na parcela sita no lugar de Aián, parroquia de Sigrás. Solicitante: UFD, DE, SA
534/2026	13-07-2026	Autorizar a transmisión do dereito de uso das urnas centrais sinaladas co número 61, letras A, B e C no cemiterio municipal de Cambre. Solicitante: AMVL
535/2026	15-07-2026	Conceder, a partir da facturación correspondente ao segundo trimestre de 2026 a bonificación establecida no artigo 5, apartado 2 da ordenanza fiscal num. 15 reguladora da taxa por subministración de auga, no domicilio de subministración por cumprir os requisitos establecidos, e aplicarlles a tarifa 1.B do Epígrafe 1.Usos domésticos, da ordenanza fiscal núm. 15. Aplicar dende o segundo trimestre de 2026, de conformidade co disposto nos apartados B e

		C, do artigo 4 da ordenanza da prestación patrimonial de carácter público non tributario pola prestación do servizo público de tratamento e depuración de augas residuais, tendo en conta os datos comunicados por Augas de Galicia referidos ás bonificacións concedidas sobre o canon, a bonificación do 50% na tarifa recollida no artigo 3º da referida ordenanza aos usos destinados a vivenda habitual das familias numerosas. Dar de baixa dende o segundo trimestre de 2026 de conformidade co disposto nos apartados B e C, do artigo 4 da ordenanza da prestación patrimonial de carácter público non tributario pola prestación do servizo público de tratamento e depuración de augas residuais, a bonificación do 50% na tarifa recollida no artigo 3º da referida ordenanza aos usos destinados a vivenda habitual das familias numerosas, dado que non cumpren cos requisitos esixidos no artigo 4, tendo en conta as comunicacións de baixa remitidas por Augas de Galicia das bonificacións concedidas sobre o canon. Denegar dende o segundo trimestre de 2026, de conformidade co disposto no artigo 5.1 da ordenanza fiscal reguladora da taxa da subministración da auga, xa que incumpre dito artigo, xa que non é o pagador do recibo
536/2026	14-07-2026	Estimar a solicitude de devolución de ingresos indebidos e recoñecer o dereito do interesado á devolución do importe de 178,12 euros, dos cales 16,12 correspóndense aos intereses de demora, xa que o suxeito pasivo desistiu da súa solicitude e solicitou a devolución de ingresos indebidos. Solicitante: PdeC, S.C.
537/2026	14-07-2026	Conceder a a licenza municipal solicitada para instalar un centro de transformación na finca sita no lugar de Aián, parroquia de Sigrás executar unha canalización de 696 metros lineais para o tendido dunha liña subterránea de media tensión e outra canalización de 88 metros lineais para o tendido dunha liña subterránea de baixa tensión, substituír dous apoios e retirar outros catro apoios e o centro de transformación existente, co fin de posibilitar o aumento da potencia da subministración de enerxía eléctrica no lugar de Aián, parroquia de Sigrás. Solicitante: UFD, DE, SA
538/2026	14-07-2026	Conceder a licenza municipal solicitada para executar unha canalización de 3 metros lineais para o tendido dunha liña subterránea de baixa tensión destinada a proporcionar subministración de enerxía eléctrica ás dez vivendas unifamiliares que forman a urbanización denominada "Villa María", sita no lugar da Telva, parroquia de Sigrás. Solicitante: UFD DE, SA
539/2026	14-07-2026	Expedientes sancionadores de tráfico
540/2026	16-07-2026	Conceder a aplicación da bonificación do 100% sobre o mínimo facturable para usos domésticos, tanto na taxa de subministración de auga, establecida no artigo 5.1 da ordenanza fiscal núm. 15, como na taxa pola rede de sumidoiros, establecida no artigo 6 da ordenanza fiscal núm. 9, con efectos do segundo trimestre de 2026, por cumprir os requisitos esixidos de conformidade cos informes emitidos polos técnicos de Servizos Sociais, ser pagador da póliza de abono e estar empadroado na vivenda obxecto de bonificación
541/2026	16-07-2026	Iniciar expediente de orde de execución a OPS e herdeiros de LAA para a roza da finca sita en rúa Muiño, Cambre próxima a rúa

		Arrigada, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e 19 da Ordenanza municipal de limpeza viaria.
542/2026	16-07-2026	Conceder a licenza municipal solicitada para executar unha canalización de 88 metros lineais para o tendido dunha liña subterránea de baixa tensión, así como para instalar un CPM, co fin de proporcionar subministración de enerxía eléctrica á vivenda unifamiliar sita no lugar de Pousadoira, parroquia de Brexo. Solicitante: UFD DE, SA
543/2026	16-07-2026	Conceder a licenza municipal solicitada para executar unha canalización de 106 metros lineais para o tendido dunha liña subterránea de baixa tensión e tendido dunha liña aérea de baixa tensión na rúa Barreira, parroquia de Cambre. Solicitante: UFD DE, SA.

4.- ASUNTOS SOBREVIDOS

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal, manifesta que desexa someter a consideración da Xunta de Goberno Local o seguinte asunto:

- Proposta relativa á adxudicación do contrato menor para o Servizo de mantemento e socorrismo da piscina municipal Castros do Bosque . Expediente núm: 2026/C002/000020.

A Sra. presidenta concede o uso da palabra ao Sr. Vázquez Pérez quen, unha vez concedido, manifesta que a urxencia do asunto vén motivada pola necesidade de que a piscina municipal conte con este servizo á maior brevidade posible.

A Presidencia somete a votación ordinaria a urxencia do asunto anteriormente citado, e é aprobada por unanimidade.

PROPOSTA RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR PARA O SERVIZO DE MANTEMENTO E SOCORRISMO DA PISCINA MUNICIPAL CASTROS DO BOSQUE . EXPEDIENTE NÚM: 2026/C002/000020.

A Presidencia somete a debate e consideración da Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 21 de xullo de 2026 (CVD: 0t9oKu6EMWDbb5VHNmab), que transcrita di:

“PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DA ÁREA DE ECONOMÍA, FACENDA, CONTRATACIÓN, RÉXIME INTERIOR E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO

Visto o expediente de contratación do Servizo de mantemento e socorrismo da piscina municipal Castros do Bosque (TEDeC núm. 2026/C002/000020), cun prezo de 187,57 euros diarios (sen IVE), e un límite máximo total de 14.818,11 € (IVE excluído), 17.929,91 € (IVE incluído).

Vista a providencia desta concellería do día 03.07.2026 (CVD: 5uPypugAJ+OuulUuElb5).

Visto o informe-proposta de adxudicación asinado polo coordinador da Área de Cultura e Deportes o día 17.07.2026 (CVD: NtWn7z9pn22ekaHctfyB) no que, entre outras cousas, di:

“En relación co expediente de contrato menor de referencia emítese o seguinte **INFORME**:

Primeiro: o 03.07.2026 publicouse na Plataforma de Contratación do Sector Público anuncio de licitación para o expediente 2026/C002/000020 Servizo de mantemento e socorrismo da piscina municipal Castros do Bosque cun prazo de presentación de ofertas ata o 10.07.2026.

Segundo: o criterio de valoración establecido e o prezo.

Terceiro: presentaron ofertas as empresas que a continuación se relaciona.

Empresa	PREZO OFERTADO (IVE incluído)
HEBE SPORT SL	226,96 €/día

Sexto: Vista a oferta e documentación presentada polo licitador , HEBE SPORT SL que presenta oferta atendendo ao criterio de valoración establecido **PROPOÑO**:

Adxudicar o contrato menor para a Servizo de mantemento e socorrismo da piscina municipal Castros do Bosque. a HEBE SPORT SL, co CIF B15890809 e domicilio en rúa Parroquia de Bergondo Nave R10-05, Poligono industrial de Bergondo 15165 A Coruña por un importe de 187,57 euros/día máis o 21% de IVE, que supón un total 226,96 euros/día (IVE incluído), por ser a empresa que fixo a seguinte mellor oferta atendendo ao criterio de valoración establecido.

Consta no expedinte a seguinte documentación aportada pola empesa proposta como adxudicataria do contrato:

- 1 Oferta económica
- 2 Declaración responsable
- 3 Declaración de adscrición de persoal á execución do contrato
- 4 Declaración do material do que se dispón para a execución do contrato
- 5 Declaración responsable de protección de menores
- 4 Certificado positivo coa AEAT
- 5 Certificado positivo coa SS
- 6 Documento acreditativo de alta no IAE no ano actual
- 7 Certificado socorrismo Roberto Vilarnovo Suarez
- 8 Cotización mes xuño Roberto Vilar novo Suarez
- 9 Cotización mes xuño Gonzalo Rodriguez Barcón
- 10 Cotización mes xuño Diego Novoa Torres”

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de administración xeral, coa conformidade da secretaria accidental, o día 20.07.2026 (CVD: IO/jXYTxzPXS7+DwTgl6) no que, entre outras cousas, di:

“(…)

Segundo.- No suposto examinado, a xuízo da técnica que subscribe, o obxecto do contrato obedece a unha necesidade previsible e periódica polo que non se xustifica a utilización da figura do contrato menor.

A providencia do concelleiro delegado da Área de economía, facenda, contratación, Réxime interior e desenvolvemento económico do día 03.07.2026 (CVD: 5uPypugAJ+OuulUuElb5) pola que se ordena a publicación da licitación deste contrato na plataforma de contratos do sector público refírese a necesidade de tramitar este *“contrato puente”* ante o *“retraso provocado pola intervención accidental e interina que non emitiron en prazo o preceptivo informe de intervención”* e que *“motivou a imposibilidade de ter contratado o servizo en tempo para a apertura da piscina”* a través do expediente de contratación número 2026/C004/000011, que prevé a adxudicación deste servizo mediante tramitación ordinaria e procedemento aberto simplificado abreviado. Sobra dicir que o retraso na tramitación administrativa da adxudicación dun contrato en ningún caso xustifica a aplicación ao procedemento dunha contratación menor.

Noutro orden de cousas, debe advertirse que a proposta de adxudicación asinada polo coordinador de actividades culturais e deportivas soamente ten en conta o criterio de adxudicación “factor prezo”; non obstante a providencia do concelleiro delegado de área recolle mais criterios de adxudicación (o tempo de resposta ante incidencias, a mellora no control e o análise da auga da piscina e a ampliación de horario respecto do mínimo establecido). O licitador ofertou un tempo de resposta de 30 minutos e 3 análíticas adicionais.

Se ben o criterio da técnica que subscribe é desfavorable á adxudicación deste servizo mediante contrato menor, de ser outro o criterio do órgano de contratación, o acordo adoptado deberá recoller os termos da oferta presentada pois o licitador queda vinculado ao seu contido.

CONCLUSIÓN:

En atención ao exposto infórmase **desfavorablemente** a contratación como contrato menor Servizo de mantemento e socorrismo da piscina municipal Castros do Bosque.

Non se estudan os restantes extremos do expediente polo sinalado na cuestión previa (…).

Visto o informe emitido pola interventora municipal o día 20.07.2026 (CVD: aL74SbZOz77Ps++OXqr5) no que, entre outras cousas, di:

“(…)

INFORME DE EXISTENCIA DE CRÉDITO AXEITADO E SUFICIENTE

PRIMEIRO.- Dacordo cós datos dispoñibles a data de hoxe na contabilidade municipal do ano **2026** esta Intervención informa que existe crédito axeitado e suficiente ata a cuantía máxima de 17.929,92 € para o obxecto denominado **“RC SERVICIO DE MANTENIMIENTO Y SOCORRISMO DE LA PISCINA MUNICIPAL DE CASTROS DO BOSQUE 2026”**. O crédito en cuestión atópase na fase contable **RC** cós **números de operación e números de referencia sinalados nos antecedentes deste informe.**

SEGUNDO.- A base 26.2ª das de execución do orzamento 2024 prorrogado ao exercicio 2026 dispón:

"(...)

2. Con respecto á tramitación de expedientes de contratos menores, atenderase ás seguintes normas:

(...)

Deberá xustificarse que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación. Dito extremo haberá de ser informado por parte do xefe da área tramitadora do expediente do contrato menor. Se non se cumpre este requisito a contratación será obxecto de reparo suspensivo pola intervención municipal.(...)"

No expediente 2026/C002/000020 consta providencia asinada o 03-07-2026 polo concelleiro delegado da área de economía, facenda, contratación, Réxime interior e desenvolvemento económico. Esta providencia explica que a necesidade de recurrir á figura do contrato menor está motivada por un retraso na tramitación administrativa -incumprimento prazo emisión informe intervención accidental- que impediu adxudicar en prazo expediente de contratación número 2026/C004/000011 (CVD: 5uPypugAJ+OuulUuElb5):

"(...) Visto que segundo consta no historial do expediente este delegouse á interventora accidental en data 13 de maio de 2026, e o 10 de xuño de 2026 por quen foi interventora interina devolveuse sen incorporar informe ningún.

Visto que unha vez reincorporada a interventora titular delegouselle o expediente en data 17 de xuño de 2026, e informouno o 21 de xuño de 2026.

Visto que o retraso provocado pola intervención accidental e interina que non emitiron en prazo o preceptivo informe de intervención motivou a imposibilidade de ter contratado o servizo en tempo para a apertura da piscina.

Visto que pese a ser a intención inicial desta concellería delegada tramitar un procedemento aberto simplificado, á vista da data na que nos atopamos e a necesidade de atender aos prazos de tramitación do procedemento establecidos pola normativa vixente retrasarían a apertura da piscina cos conseguíntes prexuízos aos cidadáns que verían imposibilitado o seu uso durante gran parte do mes de xullo.

Considerando que, aínda de tramitarse un contrato menor "puente", a publicación de anuncio no perfil do contratante non conculcaría a libre concorrência,

Co fin de adoptar a decisión menos lesiva aos intereses deste Concello, ao dos cidadáns e ao dos potenciais licitadores interesados

DISPOÑO:

Tramitar a contratación do servizo citado polo tempo que medie ata a formalización do contrato maior como contrato menor, a cuxo efecto, publíquese un anuncio de licitación no perfil do contratante aloxado na plataforma de contratación do sector público xunto co prego de prescricións técnicas e modelo de oferta fixando un prazo de cinco(5) días hábiles para a presentación de ofertas.

A prestación executarase de acordo co establecido no prego de prescricións técnicas asinado en data 13 de abril de 2026 polo coordinador de actividades culturais e educativas (CVD:xV3HrAKltJ2VD+aa9B0l) coas limitacións en canto ao prazo de duración e prezo que a seguir se especifican.

A duración do contrato será dende a data de adxudicación do contrato menor ata que teña lugar a formalización do contrato tramitado por procedemento aberto simplificado, co límite máximo do 6 de setembro de 2026.

O prezo do contrato será de 187,57 euros diarios, sen IVE , cun límite máximo total de 14.818,11 , IVE excluído, 17.929,91 € IVE incluído. (...)"

E para que conste e surta os efectos oportunos, expido e asino dixitalmente o presente informe de existencia de crédito sen perxuízo da fiscalización que corresponderá efectuar con carácter previo ao recoñecemento das obrigas".

Vista a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución da Alcaldía núm. 391/2025, do 30 de abril, propono a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Autorizar e dispoñer o gasto no expediente de contratación núm. 2026/C002/000020, cuxo obxecto é a contratación do Servizo de mantemento e socorrismo da piscina municipal Castros do Bosque, con cargo á aplicación orzamentaria 2026.342.227.99 1.

Segundo.- Adxudicar o contrato menor para a Servizo de mantemento e socorrismo da piscina municipal Castros do Bosque a HEBE SPORT SL, co CIF B15890809 e domicilio en rúa Parroquia de Bergondo Nave R1005, Polígono industrial de Bergondo 15165 A Coruña, por un importe de 187,57 euros/día (IVE excluído), 226,96 euros/día (IVE incluído), cun tempo de resposta ante incidencias urxentes de trinta (30) minutos e con tres (3) analíticas adicionais; por ser a única empresa que presentou oferta e non superar esta o prezo de licitación.

Terceiro.- Designar responsable do contrato ao coordinador de actividades culturais e deportivas, don José Luis Martínez Názara, a quen corresponde supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Cuarto.- Notificar ao adxudicatario, para que execute o contrato nas condicións acordadas.

Quinto.- Dar traslado deste acordo, a través da plataforma de administración electrónica TDeC, ao responsable do contrato e á Intervención municipal para a súa constancia e para os efectos oportunos, así como ao departamento de Contratación para os efectos de dar cumprimento á publicidade esixida polos artigos 63.4 e 346.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, e artigo 8.1 a) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Este acordo, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa. A teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugna directamente ante a xurisdición contencioso - administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o mesmo órgano que a ditou (artigo 124 da Lei 39/2015).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante a Sección do Contencioso-Administrativo do Tribunal de Instancia da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa); todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente".

A Sra. presidenta concede o uso da palabra ao Sr. Vázquez Pérez quen, unha vez concedido, explica a proposta.

A Sra. presidenta concede o uso da palabra ao Sr. Castro Uzal quen, unha vez concedido, pregunta ata cando chega este contrato e se se inclúe a posta a punto da piscina.

A Sra. presidenta concede o uso da palabra ao Sr. Vázquez Pérez quen, unha vez concedido, di que o que se adxudica é por un importe máximo de 14.818,11 euros sen IVE e que chega ao 6 ou 7 de setembro; di que inclúe o mantemento e o socorrismo; di que xa se licitou o novo expediente por 2 anos e que a semana pasada rematou o prazo de presentación de ofertas.

Non producíndose máis intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 21 de xullo de 2026 (CVD: 0t9oKu6EMWDbb5VHNmab), resultando aprobada por unanimidade, polo que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

5.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formulou ningún/ningunha.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as dez horas e nove minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria accidental, dou fe.

Visto e praxe

A presidenta

Diana Piñeiro Fernández

A secretaria accidental

M^a del Juncal Capín Fonseca